

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 5/7/16

O PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO DENUNCIA A PRIVATIZACION DA CULTURA E HISTORIA DO NOSO POBO.

A Feira medieval do Carballiño da próxima fin de semana, será organizada por una empresa privada, cando existen asociacions no Carballiño como Pepa Loba ou Agarimos do Arenteiro.

Esta feira medieval nos consta que non ten pagado as taxas de ocupación de espacio público, e ademáis, non pasóu pola mesa local de comercio para a súa aprobación.

Na próxima fin de semana, teremos no Carballiño, “A Liorta”, pero non polo feito de que se conmemore o nacemento das feiras no Carballiño cunha feira medieval que leva ese nome, senón porque estaremos ante unha evidencia de que no noso Concello tamén deben de andar “a liorta”, pois parece que as políticas transversáis entre concellerías non funcionan correctamente.

O feito de que non se cobraran taxas de ocupación de vía pública ao tratarse dunha empresa privada, ou o feito de que esta actividade non pasase pola mesa local de comercio, da que se fai imprescindible a súa aprobación e que de non facerse pode ser motivo de sanción administrativa, son dous exemplos da “liorta” dos nosos Concelleiros que parece que non se falan entre si para a elaboración de proxectos.

Sendo esto denunciabile, o que máis nos preocupa ao Partido Popullar do Carballiño, é ver como una empresa privada, ven ao Carballiño, para contarnos a nosa historia, e eles, así poder facer una feira, exactamente igual que a que se fai noutras feiras de múltiples concellos onde que xa a organizan estes eventos.

A iniciativa do Concello é escasa, mais ben é nula, deixando a nosa historia e os recursos que ela pode ter, en mans da iniciativa privada, cando no Carballiño existen asociacións que veñen tendo actividade ano tras ano, algunha incluso de forma mensual como Agarimos do Arenteiro e máis particularmente coa Pepa Loba que todos os setembros e dende fai moitos anos nos deleitan no barriio de Flores coa artesanía e oficios da nosa tradición.

A privatización de servizos está sendo elevada a grados insospeitados cando vemos que tamén o fan coa cultura e a historia do noso pobo, e ademáis por un goberno municipal socialista, que estando na oposición pretendían a municipalización de servizos.

Para o Partido Popular, é unha bágoa que o Concello do Carballiño pretenda impulsar o mes de xullo coa imitación do que xa se fai noutros Concellos. Non queremos nin imaxinarnos que diríamos nos dende o noso pobo, se en Ribadavia se lles da por facer una festa do pulpo.